



RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 08 DE XULLO DE 2014.

1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
- Acta da sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2014

2º.- **URBANISMO.**

2.1.- Solicitud de licenza de obra menor presentada por Dº LUIS JOSÉ ROMEO GONZÁLEZ para construción dun cobertizo para garda de aperos de labranza na parroquia de O Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade acorda denegar a solicitude da licenza de obra presentada por Luis José Romeo González para construción de un cobertizo de 25 metros cadrados para a garda de apeiros de labranza, a situar na parroquia de O Castro (Silleda).

2.2.- Construción de cerre de parcela con postes de formigón e arame de rede, no lugar de A Pena, nº 5, parroquia de Saidres (Silleda), solicitado por JOSEFINA GÓMEZ IGLESIAS.

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade, **acorda:**

PRIMEIRO: A suspensión temporal da tramitación deste expediente, como mínimo ata a aprobación definitiva do planeamento actualmente en tramitación ou ben ata o fin do prazo legal de suspensión, o 19 de decembro de 2014.

2.3.- Dº José Luis Bascuas Gómez en representación de SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.. Licencia definitiva de actividade de cobertizo para garda de maquinaria agrícola, a situar na finca con referencia catastral 36052D503003130000XO, no lugar de Portapiñeiro, nº 21, parroquia de Piñeiro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 03 de xullo de 2014 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013 **acorda:**

Primeiro.- A **concesión de licencia de actividade definitiva** a **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.**, de cobertizo para garda de maquinaria agrícola a situar na finca con referencia catastral 36052D503003130000XO, no lugar de Portapiñeiro, nº 21, parroquia de Piñeiro (Silleda).

3º.- RECLAMACIONES POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

3.1 .- Amelia Fernandez Sucasas. Rotura cristal vehículo por desbrozadora municipal. 15 Abril 2013. 101,17 €.

Se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación presentada por Amelia Fernandez Sucasas, pola rotura de cristal do seu vehículo, que sostén foi ocasionado por unha desbrozadora municipal, feitos ocorridos o 15 Abril 2013, cunha valoración de 101,17 €, o considerar que non existen probas concluíntes de que os danos foran ocasionados polos traballadores do Concello.

3.2 .- Jose Antonio Fariña Guerra. Rotura de gafas ao tropezar contra un cartel publicitario dun circo. 01-07-2013. 255,60 €.

Se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación presentada por Jose Antonio Fariña Guerra, alegando rotura de gafas ao tropezar contra un cartel publicitario dun circo mentres circulaba pola rúa o día 01-07-2013, sostendo que a súa colocación a baixa altura foi a causa dos danos que valora en 255,60 €, o considerar tanto a inexistencia de responsabilidade por algunha actuación municipal -un cartel publicitario dun circo- como, sobre todo, polo feito de que do propio relato do reclamante se desprende unha falta de dilixencia pola súa parte ao tropezar dese xeito cun cartel mentres camiñaba, causa da rotura das gafas.

3.3 .- Antonio Fernandez Paz. Danos en vehículo por caída da rama dun árbol en estrada Taboada-Silleda.. 9 Setembro 2013. Valor: descoñecido.

Se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación presentada por Antonio Fernández Paz por danos en vehículo pola caída da rama dun árbol na estrada Taboada-Silleda, feito ocorrido o 9 Setembro 2013, cun valor descoñecido, ao considerar que non existen probas de que o dano fora ocasionado por unha árbore pertencente ao Concello, e, ademais, habería que cualificar o suceso coma un caso fortuíto ou de forza maior.

3.4 .- M^a Carmen Ricimil Cabaleiro. Danos no vidro da porta do inmobile causado por traballos de desbroce nas proximidades. 2 Agosto 2013. Valor: descoñecido.



Se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación presentada por M^a Carmen Ricimil Cabaleiro, alegando rotura no vidro da porta do inmovible causado por traballos de desbroce nas proximidades por traballadores municipais o día 2 Agosto 2013, cun valor descoñecido estimando que non existen proba algunha de que o dano fora ocasionado polo persoal municipal, máxime a vista das declaracións dos traballadores que sinalan que a rotura, polas súas características, non puido ser ocasionada por unha grávella senón por unha pedra de maior tamaño e que eles estiveron traballando no outro lado da estrada, e que de saltar algunha grava golpearía antes contra o tractor, circunstancias que fan practicamente imposible que os traballos de desbroce orixinaran tal rotura dun vidro da porta de entrada de considerable grosor, como se aprecia nas fotografías.

4º.- RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POR AGUSTIN CHAIRA S.L. SOBRE DEVOLUCION DE AVAL POR OBRAS DE "RESTAURACION DO CENTRO DE SAUDE DE SILLEDA".

- **PROCEDER** a **DEVOLUCIÓN** do **AVAL** formalizado por **AGUSTIN CHAIRA S.L.** por importe de 4.000 € en concepto de garantía definitiva pola execución das obras de **"RESTAURACION DO CENTRO DE SAUDE DE SILLEDA"**.

5º.- RECLAMACION DE PAGO DE FACTURA POR PARTE DO ADMINISTRADOR CONCURSAL EN NOME DE CIISA-CONSULTING-INGENIERIA S.L., EN SITUACION DE LIQUIDACION CONCURSAL, POR IMPORTE DE 29.000 € . ACTUACION: " PLAN DIRECTOR DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE SILLEDA". Data contrato: 30 Maio 2008.

Se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación de pago presentada polo Administrador Concursal por importe de 29.000 € pola actuación consistente en: redacción do Proxecto de " PLAN DIRECTOR DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE SILLEDA", asinándose o contrato o 30 Maio 2008 e presentada a factura en data 31-03-2009, xa que as obrigas de recoñecemento de pago de servizos por parte municipal prescriben os 4 anos, e a factura foi presentada en data 31-03-2009, polo que transcurriron mais de 5 anos, estando a empresa **CIISA-CONSULTING-INGENIERIA,S.L.** en situación de liquidación, logo do procedemento concursal en que está inmersa, lembrando ademais que non se ten constancia algunha de que tal empresa reclamara ese pago durante os últimos anos

6º.- ACORDO DE CONVOCATORIA PUBLICA PARA O ARRENDAMENTO DE 2 FINCAS RUSTICAS MUNICIPAIS.

Diante do ditame xurídico, se acorda:

- **Proceder a unha convocatoria pública para o arrendamento de 2 fincas rústicas municipais cos datos que se recollen:**

FINCA Nº 1.

Prazo arrendamento: 20 Anos.

Clasificación solo: Rústico.

Tipoloxía: Monte sen protección, acceso sen asfaltar, sito no lugar de Corrospedriños, parroquia de Refoxos (San Paio)

Parcela Catastral: 36052A06800002

Superficie: 59.811 m²

FINCA Nº 2.

Prazo arrendamento: 20 Anos.

Clasificación solo: Rústico.

Tipoloxía: Monte sen protección, acceso sen asfaltar, sito no lugar de Refoxos (San Paio)

Parcela Catastral: 36052A07600207

Superficie: 22.405 m²

7º.- ADXUDICACION DA XESTION E EXPLOTACION DO BAR DO CENTRO DA 3º IDADE.

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **ADXUDICAR O SERVIZO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA DO CENTRO DA 3ª IDADE A Esther Liñares Doval, cun canon de 840 € anuais.**

8º.- APROBACION DE GASTOS.

Non hai asuntos que tratar.

9º.- EXECUCION SUBSIDIARIA POR PARTE MUNICIPAL DE ORDES DE EXECUCION CONSISTENTES EN LIMPEZA DE FINCAS EN MAL ESTADO NON REALIZADAS POLOS PROPIETARIOS.

9.1 Hector Calderelle Carballo. Rúa Castelo nº 10. Segunda orde de execución consistente en limpeza de fincas non realizadas polos propietarios previa a execución subsidiaria.

A Xunta de Goberno Local,

RESOLVE

- **REQUIRIR** ao propietario do inmovible, por 2ª vez, Hector Calderelle Carballo. Rúa Castelo nº 10, SILLEDA, como medida inmediata, para que proceda á retirada da vexetación e limpeza de maleza da finca sita en R/Castuelo nº 10 nun prazo de 10 días.

Para realizar estes traballos non é preciso solicitar a licenza municipal de obras, por tratarse dunha Orde de Execución.

Noutro caso, o Concello de SILLEDA, para o caso de incumprirse, xa por segunda vez, procederá á súa execución forzosa, así como a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables.

9.2 Construcciones Pereiro y Campos. Emilio Alonso Paz nº 11. Segunda orde de execucion consistente en limpeza de fincas non realizadas polos propietarios previa a execucion subsidiaria.

A Xunta de Goberno Local,

RESOLVE

- **REQUIRIR** ao propietario do inmovible, por 2ª vez, Construcciones Pereira y Campos, santa Eulalia nº 5 Baixo, SILLEDA, como medida inmediata, para que proceda á retirada da vexetación e limpeza de maleza da finca sita en Emilio Alonso Paz nº 11 nun prazo de 10 días.

Para realizar estes traballos non é preciso solicitar a licenza municipal de obras, por tratarse dunha Orde de Execución.

Noutro caso, o Concello de SILLEDA, para o caso de incumprirse, xa por segunda vez, procederá á súa execución forzosa, así como a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables.

9.3 Manuel Garcia Lalín. Trasdeza nº 52. Segunda orde de execucion consistente en limpeza de fincas non realizadas polos propietarios previa a execucion subsidiaria.

A Xunta de Goberno Local,

RESOLVE

- **REQUIRIR** ao propietario do inmovible, por 2ª vez, Manuel Garcia Lalín, R/Paseo da Cacharela nº 3-1ºB, SILLEDA, como medida inmediata, para que proceda á retirada da vexetación e limpeza de maleza da finca sita en R/Trasdeza nº 52 nun prazo de 10 días.

Para realizar estes traballos non é preciso solicitar a licenza municipal de obras, por tratarse dunha Orde de Execución.

Noutro caso, o Concello de SILLEDA, para o caso de incumprirse, xa por segunda vez, procederá á súa execución forzosa, así como a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables.

9.4 Julia Mª Carballo Arceo. C/ Cedeira, 94. Urban. Os Tilos. Segunda orde de execucion consistente en limpeza de fincas non realizadas polos propietarios previa a execucion subsidiaria.

A Xunta de Goberno Local,

RESOLVE

- **REQUIRIR** ao propietario do inmovible, por 2ª vez, Jose Maria Carballo Arceo, R/Cedeira nº 94, Urbanización Os Tilos, como medida inmediata, para que proceda á retirada da vexetación e limpeza de maleza da finca sita en R/Venezuela nº 26 e 34 nun prazo de 10 días.

Para realizar estes traballos non é preciso solicitar a licenza municipal de obras, por tratarse dunha Orde de Execución.

Noutro caso, o Concello de SILLEDA, para o caso de incumprirse, xa por segunda vez, procederá á súa execución forzosa, así como a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables.

9.5 Jose Cagide Garcia . C/ Iglesia nº 2. Merín. Vedra. Segunda orde de execucion consistente en limpeza de fincas non realizadas polos propietarios previa a execucion subsidiaria.

A Xunta de Goberno Local,

RESOLVE

- **REQUIRIR** ao propietario do inmovible, por 2ª vez, Jose Cagide Garcia, R/Iglesia nº 2.Merín. VEDRA, como medida inmediata, para que proceda á retirada da vexetación e limpeza de maleza da finca sita en R/Morón nº 17 nun prazo de 10 días.

Para realizar estes traballos non é preciso solicitar a licenza municipal de obras, por tratarse dunha Orde de Execución.

Noutro caso, o Concello de SILLEDA, para o caso de incumprirse, xa por segunda vez, procederá á súa execución forzosa, así como a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables.

10º.- ALTA NO SAF.

Se da de alta no SAF, programa atención a dependencia, a Mª Dolores Mercedes Vazquez Otero

11º.- ACORDO DE PERMUTA DE FINCA DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON OUTRA DE IDENTICA SUPERFICIE, 122,50 M2, SITA NO LUGAR DE AGRO DE ARIBA, COS HERDEIROS DE DIEGO TABOADA VILARIÑO E MILAGROS VILARIÑO BREA (Regularización legal da permuta xa realizada "de facto").

VISTO o informe de Secretaría, se acorda:

1.- Regularizar a situación, unha permuta "de facto" existente desde fai moitos anos -alómenos 12 segundo afirma a propietaria- consistindo a mesma no intercambio de 122,50 m2 dunha parcela da súa propiedade -campo de fútbol actual- con outra da mesma superficie de titularidade municipal (inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín. 1000% pleno dominio. Tomo 489, Libro 109, Folio 173, Finca nº 14890), contigua a anterior, formando finalmente unha liña recta segundo plano que se incorpora ao expediente, formalizando un contrato de permuta entre as partes partindo dos datos referidos.

12º.- INICIO DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDEMENTO ABERTO.

Visto canto antecede, e o Informe Xurídico de Secretaría, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán a contratación do servicio de axuda no fogar, mediante procedemento aberto, por trámite de urxencia, polo prazo de UN ANO, prorrogable, convocando a licitación do mesmo